

CONCELLO DE MALPICA
DE BERGANTIÑOS

BASES DO XXI CONCURSO DE BARCANAS E CASTELOS DE AREA PRAIA DE AREA MAIOR 2022

Venres 26 de agosto de 2022.

HORARIOS:

- 10.30 Inicio dos traballos das persoas inscritas.
- 13.00 Remate dos traballos na praia.
- 13.05 Inicio da votación do público.
- 13.30 Comunicación pública do fallo do xurado e votacións do público e entrega de premios.

INSCRICIÓNS:

No Departamento de Educación e Cultura, sito no 1º andar do Centro Cívico de Malpica, rúa Ventorrillo s/n. T.: 981 707 104. En horario de 9.00 a 14.00 horas do 22 ao 25 de agosto e o 26 de agosto, de 10.00 a 10.30, na praia de Area Maior de Malpica.

Cada participante ou grupo de participantes só poderá participar cunha única obra. **Os grupos poderán incluír como máximo 10 participantes.**

Existirán catro modalidades:

- Amateur – De 10 anos en adiante.
- Premio especial do público – Escultura máis votada polo público.
- Barcanas – Elaboración de barcanas tradicionais.
- Infantil – Ata os 10 anos. No caso dos grupos, para inscribirse nesta modalidade, todas as persoas deberán cumprir este requisito de idade.

PREMIOS:

Existirán 6 premios:

- 1º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 130,00 € (*).
- 2º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 70,00 € (*).
- 3º Premio da modalidade amateur: Trofeo e un vale de 50,00 € (*).
- Premio especial do público: Trofeo.
- Premio á mellor barcana: Trofeo.
- Premio infantil: Trofeo


Os premios en ningún caso poderán acumularse, en caso de coincidir nunha mesma obra, premios de diferentes categorías, asignarase a esa obra o premio correspondente a unha única categoría seguindo a prelación: premios amateur, premio especial do público, premio á mellor barcana e premio infantil. O premio da categoría que quede deserto outorgarase á seguinte obra máis valorada nesa categoría.

(*) Os vales poderán cambiarse por produtos ou servizos, de valor equivalente, nos establecementos comerciais e de hostalería do Concello de Malpica de Bergantiños.

ELABORACIÓN DAS ESCULTURAS DE AREA:

Para a elaboración das obras as persoas participantes so poderán utilizar area e materiais que se atopen de xeito natural depositados na praia.

Así mesmo permitirase o uso de ferramentas (palas, cubos, difusores de auga, etc.), aínda que estes elementos, en ningún caso, poderán formar parte da obra.



**CONCELLO DE MALPICA
DE BERGANTIÑOS**

Na elaboración das obras non estará permitido utilizar ningún produto para compactar ou fixar a area, agás a auga.

As obras realizaranse unicamente na praia de Area Maior, nas zonas balizadas polo Concello de Malpica para este fin, entre as 10.30 e as 13.00 do venres 26 de agosto de 2022.

Noelia Freijeiro Novo
Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes.